

Cobertura das baixas.

Día tras día a Consellaría borra unha media de 20 baixas subidas polos centros educativos. En concreto, tal e como constata o sindicato no seguimento que fai diariamente desta problemática, como polas numerosas queixas que lle chegan de persoal substituto, elimina todas as baixas que non superen os 10 días, sen importarlle que sexan por positivo Covid ou non. Cómpre lembrarlle á Consellaría que se un equipo directivo sube unha vacante é porque a precisa, polo que está vulnerando o lexítimo dereito do alumnado e do centro educativo a recibir a atención que necesitan.

Desde a CIG-Ensino **esixímoslle á administración unha rectificación urxente nesta política de cobertura das baixas e que sigan realizando os chamamentos todos os días**. Así mesmo, animamos os centros educativos a que sigan subindo todas as vacantes que precisen, sexa cal sexa a súa duración e causa, incluso que as volvan subir despois de que llas borren, como xa detectamos que están a facer nalgún colexio ou instituto.

[Din que xa estamos nunha situación postcovid, e que así van actuar salvo en casos excepcionais.](#)

Modificación do perfil das prazas nos centros durante o curso escolar.

Levamos un tempo en que a inspeccións modifica os perfís de certas páxinas a súa vontade, nomeadamente as prazas de orientación.

Non é de recibo que nunha praza sen itinerancia se presione á docente para que acepte que durante este curso se varíe o perfil e se converta en itinerante, sen darlle sequera a posibilidade de participar como suprimida no CXT, algo que por dereito lle pertence, esperemos que esta situación non se repita e, sobre todo, que ao finalizar o curso se lle dea a posibilidade de suprimirse.

Último exemplo: A praza de Orientación do CPI dos Dices (Rois) foi adxudicada no CXT como unha praza sen compartir. A día de hoxe a titular da praza fai parte do seu horario noutro centro, no CEIP Plurilingüe de Pumar-Urdilde como centro adscrito, sen que conste en ningún lugar esta situación. Esta situación causa grave prexuízo ás necesidades que o CPI dos Dices presenta, e tampouco son suficientes as horas que se

lle adican ao CEIP Plurilingüe de Pumar Urdilde, causando prexuízo a ambos centros.

[Segundo o subdirector de centros e recursos humanos de modificarse o perfil, pasar a ser itinerante, o profesorado definitivo ten dereito ser suprimido, tal cal nós esixíamos.](#)

Redución de oferta no Val do Asma (Chantada) e no Gregorio Fernández (Sarria).

Na mesa do 9 de marzo se nos comunica que o IES Val do Asma non pasará a ser un CIFP, pero que van agrupar ensinanzas de FP nel, o cal para a CIG-Ensino é poñerlle data de caducidade a este centro.

Tamén vemos como se modificou, xa neste curso a oferta de Formación Profesional no IES Gregorio Fernández, pasando de ordinaria a modular, o cal, adianta a desaparición destas ensinanzas no citado IES.

[Tema da Secretaria Xeral, o director xeral di que a día de hoxe non ten constancia de cambio algún.](#)

Inclusión da Prevención do risco suicida no Plan de Alerta Escolar.

Entendemos o paso dado como positivo xa que é un primeiro paso para recoller a nosa demanda sobre a necesidade de concretar actuacións para salvagardar a saúde mental de profesorado e alumnado, pero iso, é un paso insuficiente que se ten que vir acompañado de persoal con formación específica nos centros educativos, así como atención e formación específica para o profesorado e non cun novo protocolo como adoita facer a Consellaría.

Prazas de atención preferente.

A idea da administración é convocar este ano prazas de atención preferente, a orde virá á mesa posteriormente á publicación das resolucións definitivas do CXT, que está prevista para a vindeira semana.

Normativa Oposicións.

A currículo de aplicación para as oposicións é o currículo en vigor no momento da publicación da convocatoria, é dicir, o vello.